

O MEU AMIGO O XIGANTE

131

[Steven Spielberg, 2016]

ESTREA EN NUMAX: 15.07.2016 | V.O.S.E. | TODOS OS PÚBLICOS

The BFG (The Big Friendly Giant) (2016, 118')

Dirección: Steven Spielberg

Guión: Melissa Mathison (Conto: Roald Dahl)

Reperto: Mark Rylance, Ruby Barnhill, Penelope Wilton, Jemaine Clement, Rebecca Hall, Bill Hader, Rafe Spall, Adam Godley, Matt Frewer, Ólafur Darri Ólafsson, Haig Sutherland

Montaxe: Michael Kahn

Dirección de arte: Chris Beach, Todd Cherniawsky, Rebecca Milton, Margot Ready, Grant Van Der Slagt

Vestiario: Joanna Johnston

Son: Christopher Scarabosio

Música: John Williams

Fotografía: Janusz Kaminski

Produtora: Amblin Entertainment, DreamWorks SKG (Estados Unidos)

Distribuidora: TriPictures

Formato de proxección: DCP 2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Inglés

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

El puente de los espías, 2015

La lista de Schindler, 1993

Parque jurásico, 1993

E.T., el extraterrestre, 1982

En busca del arca perdida, 1981

Tiburón, 1975

El diablo sobre ruedas, 1971

«Pequeno e encantador filme sobre o valor da amizade e a imaxinación. Funciona como o afortunado encontro entre dous colosos do relato infantil: Roald Dahl e Steven Spielberg.»

Manu Yáñez, FOTOGRAMAS

SINOPSE

Sofía vive nun orfanato. Unha noite na que non pode durmir decide asomarse á ventá e ve algo completamente extraordinario: un home dun tamaño enorme asómase ás casas da xente mentres dormen. A pesar da súa aparencia arrepiante, o xigante resulta ser unha alma de bo corazón. Así que os dous personaxes faranse amigos e viaxarán xuntos até o País dos Xigantes, onde este xigante bonachón é considerado un marxinado polos demais, porque a diferenza deles se nega a comer a nenos e nenas.



O MEU AMIGO O XIGANTE

[Steven Spielberg, 2016]

“No abismo de non saber que facer adoitan xurdir as mellores ideas”

Entrevista con Steven Spielberg

Por Manohla Dargis

Como comezou o proxecto? Kathy Kennedy conseguiu os dereitos do conto de Dahl hai nove ou dez anos e contratou a Melissa [Mathison] para escribir un guión. Lino e encantoume. Quedaba moito traballo por diante mais era un primeiro borrador magnífico. Entrei no proxecto porque Melissa e máis eu vivimos moi próximos durante anos, as nosas familias medraron xuntas, practicamente.

Atopábase dentro do teu interese xuntar seres humanos e tecnoloxía?

Non realmente, porque ao principio pensei en facelo con actores. Mais logo decateime que, de facelo, non sería moi diferente de *Pulgarcito*, *Pulgarcita* ou *Jack y las judías mágicas*. Non tería sido máxico. E pensei que a maior contribución que podía facer era crear unha auténtica maxia cinematográfica. Cando digo máxico non me refiro á experiencia do espectador senón ao apartado físico, de alquimia na pantalla, que fose similar a cousas que xa temos visto mais dalgún xeito moi diferente.

Para iso, pensei que precisabamos crear xigantes. Hoxe podería crealos a partir de próteses e maquillaxes. Mais non sería marabilloso se tivéssemos a completa liberdade de crealos dixitalmente? Sentínome coma se estivese na cúspide dos creadores de almas. Como se puidésemos encher de humanidade e alma divina personaxes animados. Téñense achegado a isto en varios filmes como *Avatar* ou *El planeta de los simios*. O que non quería é que a tecnoloxía servise para subverter a actuación de Mark [Rylance]. E ese é o gran risco que asumimos. Seriamos quen de introducir a alma de Mark no corpo e o rostro do xigante? Mark é 100 por cen responsábel da súa actuación.

Xurdiu algún obstáculo importante para ti? *O meu amigo o xigante* foi un enorme reto, nunca fixera un conto de fadas antes. En cada filme que fago hai

novos obstáculos. Sempre emprendo cousas que de inicio me dan medo. O medo é a miña gasolina. Ao atoparme no abismo de non saber que facer adoitan xurdir as mellores ideas. A seguridade é o meu inimigo e sempre o foi.

Por exemplo, as miñas secuelas nunca son tan boas como os meus orixinais porque cando as vexo decátome de que vou demasiado sobre seguro. Hai filmes que xeran trillóns de dólares, o que xustifica a secuela, e cando me poño con ela semella que vai ser un éxito seguro mais sempre teño a sensación de facer un filme de inferior calidade. Falo de casos como *El mundo perdido* e *Parque jurásico*.

Tense dito arreo, incluído seu biógrafo, que Roald Dahl era un antisemita. Es quen de gozar da obra e non pensar no artista? Como te enfrontas a iso?

Coido que todo aqueles que traballamos sobre os ombreiros dos xigantes que emprenderon esta industria tivemos que lidar con esta caste de dilemas, como o coñecido de *El nacimiento de una nación*, que inclúe a exaltación do Ku Klux Klan por parte de D. W. Griffith. Agora non estou seguro do que tería feito de ter sabido isto sobre Dahl. Non o investiguei a fondo mais iso non é unha escusa. Estaba completamente cativado pola súa escrita, por *Charlie y la fábrica de chocolate*, *James y el melocotón gigante* y especialmente *El gran gigante bonachón*, que é o meu libro favorito del. Daquela atopábame completamente inmerso na interpretación do libro.

En calquera caso, mesmo cando el se autoproclamou como antisemita, as súas historias falan do contrario, acollendo as diferencias entre razas e culturas, tamaños e linguaxes, e iso está en *O meu amigo o xigante*. Todo un paradoxo. Cando comecei a preguntar a xente que sabía sobre Dahl, díxome que lle gustaba dicir cousas que realmente non pensaba para ver como reaccionaba a xente. A isto engádese que a maioría da xente que rodeaba a Dahl era xudía. En todo caso eu admito o seu relato e os valores dos seus textos e resultame complicado pensar que alguén que escribiu algo así poida soste cousas tan terribéis como as que se teñen contado.

A xente é complexa. Os artistas son complexos.

Publicado en: www.nytimes.com
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

El gran gigante bonachón, Roald Dahl.
Alfaguara, 2015

Cuentos completos, Roald Dahl.
Alfaguara, 2013

Relatos de lo inesperado, Roald Dahl.
Anagrama, 1993

El librero, Roald Dahl. Nórdica, 2016

Charlie e a fábrica de chocolate, Roald Dahl.
Xerais, 2005

El puente de los espías, Steven Spielberg.
Fox [DVD]

Maestros de la luz, Dennis Schaefer / Larry Salvato. Plot Ediciones, 1990

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME